

TEATRO

Este ano o grupo de teatro comezou con bo pé, xa que tivo dúas moi boas obras en Nadal, que se representaron na sala de audiovisuais.

A primeira "A consulta da doutora Penas", é unha obra moi graciosa, que sucede nunha simple consulta. Trata sobre unha doutora que ten que aguantar a tres típicas pacientes algo insoportables por así dicilo.

Actrices: Elodie Dieguez, Virginia Fociños, Alba Penas, Iris Parrado e Noelia Cagide

A segunda obra: "O mundo ao revés", é unha obra algo peculiar pero moi graciosa, a acción comeza nun parque normal e corrente. Trata sobre un rapaz gay que a súa nai quere casalo a toda consta, ao final consegue casalo con unha "pija" algo desesperada, pero tamén aparecerá unha "macarra", un rapaz normal e unha rapaza que non está moi ben da cabeza.

Actrices: Edurne Suárez, Patricia Fuentes, Carlota López, Raquel Conde, Noelia Varela e Inés Roca.

Pero a nosa querida profesora de teatro Marga Quintela fixo o posible para traer un profesor de teatro profesional.

Grazas el poderanse representar ao final de curso tres obras magníficas:

- "Noivos": unha obra de teatro na cal ningunha caste de home sae moi ben parada, dende os intelectuais ata os do "tuning" pasando polos graciosíños, os deportistas entre outros.

- "Ligar": unha obra moi graciosa na cal os mozos volven saír mal parados.

- "O crack": unha obra na que se vacila ao típico futbolista guapo, que máis que saír ao campo a xogar sae a lucir o tipo e facer publicidade de marcas como Nike, Adidas, etc.

Como poderedes comprobar, se vedes calquera das tres obras, observaredes que son algo fóra do común. Agardamos que vos gusten a todos.

Pero como Marga non para, organizou uns sketches, curtas obriñas de teatro de aproximadamente 5 min, nos que se intenta mentalizar a xente da contaminación en xeral, da tala das arbores etc.

Estas obras xa foron representadas nas aulas de 1 e 2 da ESO, que máis que nada lles sorprenderon un pouco ou se riron un pouco, pero nós o que agardamos é que a xente se mentalice de todo isto.

Nelas participaron: Edurne Suárez, Alba Penas, Virginia Fociños, Noelia Cagide, Iris Parrado, Ariana Trastoy, Alba Rúa e Tania Areas.

